Anexo

Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos do Concello de Beariz.

Modifícase o artigo 2, que queda do seguinte xeito:

"Artigo 2.-

1.- O feito impoñible está determinado pola prestación de servizos administrativos consistentes na actividade municipal desenvolvida con motivo da realización de instalacións, construcións ou obras, tendente a verificar se estas se realizan con suxeición ás normas urbanísticas de edificación e policía vixentes, para comprobar que aquelas se axustan aos plans de ordenación vixentes, que sexan conformes ao destino e uso previstos, que non atenten contra a harmonía da paisaxe e condicións de estética, que cumpran coas condicións técnicas de seguridade, salubridade, hixiene e saneamento e, finalmente, que non exista ningunha prohibición de interese artístico, cultural, histórico ou monumental, xa se atopen suxeitas á preceptiva licenza municipal, ou poidan ser susceptibles de comunicación previa ou declaración responsable consonte á normativa urbanística e sectorial relacionada con aquela vixente, así como os servizos administrativos que se presten con relación a expedientes derivados da reposición da legalidade urbanística, se é o caso.

(2.-...)

(3.-...)

4.- Non integran o feito impoñible e, como consecuencia, non están suxeitas a esta taxa aquelas solicitudes de servizos ou actividades encadrados no apartado 1 do presente artigo, cando teñan por obxecto levar a cabo a implantación no termo municipal dunha nova empresa, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que leve consigo a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2018, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

---

*Al no presentarse reclamaciones contra el acuerdo del Pleno de fecha 26 de enero de 2018, relativo a la aprobación inicial de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Expedición de Documentos, el acuerdo queda aprobado definitivamente y el texto íntegro de la modificación de la ordenanza es el que figura como anexo en este edicto.*

*Beariz, 11 de abril de 2018. Fdo.: Manuel Prado López.*

*Anexo*

*Modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Expedición de Documentos del Ayuntamiento de Beariz.*

*Se modifica el artículo 2, que queda de la siguiente manera:*

*"Artículo 2.*

*1.- El hecho imponible está determinado por la prestación de servicios administrativos consistentes en la actividad municipal desarrollada con motivo de la realización de instalaciones, construcciones y obras, tendente a verificar si estas se realizan con sujeción a las normas urbanísticas de edificación y policía vigentes, en orden a comprobar que aquellas se ajustan a los planes de ordenación vigentes, que sean conformes al destino y uso previstos, que no atenten contra la armonía del paisaje y condiciones de estética, que cumplan con las condiciones técnicas de seguridad, salubridad, higiene y saneamiento y, finalmente, que no exista ninguna prohibición de interés artístico, cultural, histórico o monumental, ya se encuentren sujetas a la preceptiva licencia municipal, o puedan ser susceptibles de comunicación previa o declaración responsable de acuerdo a la normativa urbanística y sectorial relacionada con la misma vigente, así como los servicios administrativos que se presten con relación a expedientes derivados de la reposición de la legalidad urbanística, en su caso.*

*(2.-...)*

*(3.-...)*

*4.- No integran el hecho imponible y, como consecuencia, no están sujetas a esta tasa aquellas solicitudes de servicios o actividades encuadrados en el apartado 1 del presente artículo cuando tengan por objeto llevar a cabo la implantación en el término municipal de una nueva empresa, así como para la ampliación de un establecimiento empresarial ya existente siempre que conlleve la creación de nuevos puestos de trabajo, cuando su código CNAE corresponda a alguna actividad económica de las incluidas en el campo de la industria 4.0 o de la Ris3.*

*Disposición final.*

*La presente Ordenanza Fiscal fue aprobada por el Pleno de la Corporación en la sesión que tuvo lugar el día 26 de enero de 2018, entrará en vigor en el día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.*

***R. 1.151***

---

## Beariz

Ao non presentaren reclamacións contra o acordo do Pleno con data 26 de xaneiro de 2018, relativo á aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de apertura de establecementos, o acordo queda aprobado definitivamente e o texto íntegro da modificación da ordenanza é o que figura como anexo neste edicto.

Beariz, 11 de abril de 2018. Asdo.: Manuel Prado López.

Anexo

Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de apertura de establecementos do Concello de Beariz

Modifícase o artigo 2, que queda do seguinte xeito:

"Artigo 2.-

1.- Constitúe o feito impoñible deste tributo a prestación polo concello da actividade municipal, técnica e administrativa, de control e comprobación a fin de verificar se a actividade realizada ou que se pretenda realizar se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na normativa sectorial, urbanística e medio ambiental de calquera establecemento industrial, comercial, profesional, de servizos, espectáculos públicos ou actividades recreativas, así como as súas modificacións, xa sexan da actividade ou do titular desta, co fin de procurar que estes teñan as condicións de seguridade, salubridade, medioambientais e calquera outra esixida polas normas reguladoras das autorizacións e licenzas de instalación e apertura ou funcionamento, ao abeiro das facultades de intervención administrativa.

2.- Para os efectos deste tributo, considéranse suxeitos os supostos nos que resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licenza de apertura ou actividade, ou a realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo, senón a comunicación previa ou declaración responsable, como, entre outros, os seguintes:

a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos, de espectáculos públicos ou recreativas.

b) A ampliación de superficie de establecementos con licenza de apertura.

c) A ampliación de actividade en establecementos con licenza de apertura.

d) A ampliación de actividade con ampliación de superficie en establecementos con licenza de apertura.

e) A reforma de establecementos con licenza de apertura, sen cambio de uso.

f) A reapertura de establecemento ou local, por reiniciar esta o titular que obtivo a licenza no seu día, se a licenza non tivese caducado.

g) Estarán suxeitas á taxa tamén a apertura de pequenos establecementos, as autorizacións temporais de actividade ou apertura para locais ou actividades con ocasión de festas da vila, os que se habiliten para a celebración de festas especiais, os destinados a feiras de mostras, rastros, postos ou análogos.

h) A posta en coñecemento da administración de calquera modificación dunha actividade que xa realizou a preceptiva declaración responsable, comunicación previa ou precisou licenza de apertura.

i) O cambio de titular nas actividades nas que xa se realizou a preceptiva declaración responsable ou comunicación previa, tendo tal consideración a posta en coñecemento da administración do devandito cambio por persoa distinta para seguir exercéndoa nun establecemento sempre que tanto a propia actividade, o establecemento onde se desenvolve e as súas instalacións non tiveran sufrido modificacións respecto á desenvolvida polo anterior responsable e consonte á súa declaración, salvo as que expresamente se impoñan por precepto legal.

3.- Entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto, ou ao aire libre, estea ou non aberto ao público, ou que sexa complemento ou accesorio doutro establecemento, ou actividade principal, destinado habitual ou temporalmente ao exercicio de actividades económicas”.

Modifícase o artigo 5, que queda do seguinte xeito:

“Artigo 5.-

Non integran o feito impoñible e, como consecuencia, non están suxeitas a esta taxa aquelas actividades para as que se solicite licenza de apertura ou verificación "a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que leve consigo a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.”

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2018, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

---

*Al no presentarse reclamaciones contra el acuerdo del Pleno con fecha 26 de enero de 2018, relativo a la aprobación inicial de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Licencia de Apertura de Establecimientos, el acuerdo queda aprobado definitivamente y el texto integro de la modificación de la ordenanza es el que figura como anexo en este edicto.*

*Beariz, 11 de abril de 2018. Fdo.: Manuel Prado López.*

*Anexo*

*Modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Licencia de Apertura de Establecimientos del Ayuntamiento de Beariz.*

*Se modifica el artículo 2, que queda de la siguiente manera:*

*“Artículo 2.-*

*1.- Constituye el hecho imponible de este tributo la prestación por el ayuntamiento de la actividad municipal, técnica y administrativa, de control y comprobación a fin de verificar si la actividad realizada o que se pretenda realizar se ajusta al cumplimiento de los requisitos establecidos en la normativa sectorial, urbanística y medio ambiental de cualquier establecimiento industrial, comercial, profesional, de servicios, espectáculos públicos o actividades recreativas, así como sus modificaciones, ya sean de la actividad o del titular de la misma, a fin de procurar que los mismos tengan las condiciones de seguridad, salubridad, medioambientales y cualquier otra exigida por las normas reguladoras de las autorizaciones y licencias de instalación y apertura o funcionamiento, al amparo de las facultades de intervención administrativa.*

*2.- A los efectos de este tributo, se consideran sujetos los supuestos en los que resulte obligatoria la solicitud y obtención de licencia de apertura o actividad, o la realización de la actividad de verificación del cumplimiento de los requisitos establecidos en la normativa sectorial cuando se trate de actividades no sujetas la autorización o control previo, sin la comunicación previa o declaración responsable, como, entre otros, los siguientes:*

*a) La primera instalación de un establecimiento o actividad industrial, comercial, profesional o de servicios, de espectáculos públicos o recreativas.*

*b) La ampliación de superficie de establecimientos con licencia de apertura.*

*c) La ampliación de actividad en establecimientos con licencia de apertura.*

*d) La ampliación de actividad con ampliación de superficie en establecimientos con licencia de apertura.*

*e) La reforma de establecimientos con licencia de apertura, sin cambio de uso.*

*f) La reapertura de establecimiento o local, por reiniciar ésta el titular que obtuvo la licencia en su día, si la licencia no hubiera caducado.*

*g) Estarán sujetas a la tasa también la apertura de pequeños establecimientos, las autorizaciones temporales de actividad o apertura para locales o actividades con ocasión de fiestas de la villa, los que se habiliten para la celebración de fiestas especiales, los destinados a ferias de muestras, rastros, puestos o análogos.*

*h) La puesta en conocimiento de la administración de cualquier modificación de una actividad que ya realizó la preceptiva declaración responsable, comunicación previa o precisó licencia de apertura.*

*i) El cambio de titular en las actividades en las que ya se realizó la preceptiva declaración responsable o comunicación previa, teniendo tal consideración la puesta en conocimiento de la administración de dicho cambio por persona distinta para seguir ejerciéndola en un establecimiento siempre que tanto la propia actividad, el establecimiento donde se desarrolla y sus instalaciones no hubieran sufrido modificaciones respecto a la desarrollada por el anterior responsable y de acuerdo a su declaración, salvo las que expresamente se impongan por precepto legal.*